Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	21/41



como ocorre nos pobos do interior da Península. Non queremos converternos en “zonas costeiras baleiradas”.

Os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña nas nosas costas non son compatíbeis cos usos existentes, nin coa escasa plataforma continental destas costas, que difire totalmente doutras zonas marítimas como o Mar do Norte ou o Mar Báltico, nin coa riqueza dos nosos ecosistemas, nin coa preservación da biodiversidade, nin co mantemento da actividade pesqueira, máxime cando as zonas de prioridade de instalación das instalacións eólicas sitúanse nos caladoiros de pesca, e nalgúns casos preto de espazos mariños que disfrutan dalgún tipo de protección.

Os devanditos proxectos son tamén incompatíbeis co mantemento da biodiversidade nos ecosistemas mariños, destacamos como principais impactos acumulativos no medio mariño:


a) a contaminación acústica, coas graves consecuencias para aves e mamíferos mariños, incluíndo a xeración de ruído impulsivo que segundo os expertos poden producir incluso a morte de mamíferos mariños.

b) os cambios na rapidez e dirección das ondas, así como os posíbeis efectos de alteración das correntes mariñas e a súa afectación aos substratos e á biodiversidade e co consecuente impacto nos hábitats das especies de interese comercial para a nosa frota e a alteración dos ecosistemas existentes.

Ademais de todas as grandes incógnitas aínda pendentes de estudo sobre como afectan estas instalacións aos ecosistemas, fai que, dende o sector invoquemos o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN antes de proceder a calquera desenvolvemento desta industria nos nosos mares, pois non se pode xogar coa natureza nin co futuro de moitas familias antes de coñecer as súas consecuencias.

Non aceptamos este cambio de paradigma, que poderosos grupos de presión con anuencia en moitos casos das nosas administracións, pretenden impoñernos, de ir cara unha industrialización do mar como fonte de enerxía renovábel, en detrimento da produción de alimentos sostíbeis e

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	22/41





saudábeis, en detrimento do sector pesqueiro, das súas familias, das comunidades pesqueiras e ademais nestas costas en zonas altamente dependentes da pesca, sen que se teña feito ningunha avaliación sensata de como afectan aos nosos ecosistemas esas industrias, pois o propio IEO manifestou que descoñece a afectación por exemplo en relación aos stocks dos nosos peláxicos como a sardiña, anchoa ou xurelo, por poñer uns exemplos.


O dano que se pode facer ao ecosistema pode ser irreversible, e isto non só afectará ao sector pesqueiro, aínda que será o primeiro en ser danado, a sociedade verase prexudicada, se se supeditan os intereses políticos ás necesidades presentes e futuras da sociedade, poñendo en risco o futuro das comunidades costeiras e o seu tecido socioeconómico.

Tal e como xa indicou o Parlamento Europeo no seu informe sobre o impacto no sector pesqueiro dos parques eólicos e outros sistemas de enerxía renovábel, a liña vermella que non se pode exceder da implantación desta enerxía eólica mariña nas augas da UE é a non afectación aos caladoiros de pesca e á actividade pesqueira, destacando que “se designen os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos pescadores locais como zonas que deben permanecer libres de enerxías renovábeis mariñas” porque o esencial é preservar os nosos ecosistemas e a nosa actividade de provedores á sociedade da proteína animal saudábel que menos pegada de carbono deixa no planeta, tendo en conta que as restricións de acceso, poderían socavar a prestación responsable e sostíbel de seguridade alimentaria.

A pesca en si mesma xa forma parte da solución para paliar o cambio climático, e os pescadores non podemos ser substituídos nos nosos mares por industrias que afecten ao noso modo de vida e aos nosos ecosistemas en prexuízo de toda a sociedade e para beneficio de empresas enerxéticas que amosaron estar moi apartadas do interese xeral e do ben común”.

Coincidimos coas reivindicacións do sector pesqueiro galego e da frota que faena no caladoiro Cantábrico Noroeste e en especial coa nosa frota da Mariña que ve con temor e preocupación tamén a existencia do proxecto de instalación do Parque Eólico Mariño “San Cibrao”, ao leste de Cabo Ortegal, cunha potencia total de 490 MW e a súa liña de evacuación a subestacións eléctricas (nº de expediente 20210272), presentado por parte da empresa Iberdrola Renovables Galicia, S.L., proxecto ao que o BNG presentou xa alegacións con data de 25 de

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	23/41



agosto de 2021, pedindo a retirada do mesmo xa que afectaría á actividade pesqueira nos portos da Mariña e Ortegal que poderían ver minguada a súa rendabilidade xa que todas as artes directa ou indirectamente poden verse afectadas, pois tamén o subtraer zonas de traballo a unha arte implica levar esa actividade a outras zonas que se verían sobrecargadas de máis esforzo pesqueiro

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

A Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a:

1º.- Protexer o sector pesqueiro da ameaza que supoñería a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira.

2º.- Atender ao contido do “Manifesto de Burela en defensa do sector pesqueiro do Cantábrico-Noroeste”.


3º.- Evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e á preservación dos ecosistemas mariños que suporía a implantación desordenada deste tipo de instalacións eólicas e, en consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras sempre que sexa posible a dita coexistencia sen afectar o ecosistema mariño e as actividades pesqueiras.

4º.- Avaliar a través do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) o posible impacto de instalación de polígonos industriais eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos de frota que operan no caladoiro nacional do CantábricoNoroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituir a proposta de acordos formulada

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	24/41





de xeito que quede da seguinte forma:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno do Estado:

1.- Atender ao contido do “Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste” e protexer o sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira e, en consecuencia, garantir a súa coexistencia coas actividades pesqueiras, sempreque sexa posible dita coexistencia, sen afectar ao ecosistema mariño e as actividades pesqueiras.

2.- Avaliar a través do consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) o impacto da instalación de polígonos de eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros e as zonas de traballo das diferentes artes e segmentos da frota que operan no caladoiro do Cantábrico Noroeste e os seus efectos sobre a economía das comunidades pesqueiras do Cantábrico.

3.- De constatare posibles danos, evitar o severo prexuízo ao sector pesqueiro e os danos nos ecosistemas mariños que suporía a implantación deste tipo de instalacións eólicas”.


O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA QUE MODIFIQUE O PROGRAMA “COIDADOS PORTA A PORTA” E GARANTA O ACCESO PERMANENTE ÓS SERVIZOS SOCIAIS PARA TODOS OS VECIÑOS E VECIÑAS DO RURAL LUCENSE”.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	25/41



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta que modifique o programa “Coidados porta a porta” e garanta o acceso permanente ós servizos sociais para todos os veciños e veciñas do rural lucense.

O pasado 29 de marzo a Xunta presentaba en Pereiro de Aguiar o programa Coidados Porta a Porta. En palabras do entón presidente Feijóo, o programa quere “reducir ó mínimo as diferenzas de accesibilidade ós servizos públicos en toda a xeografía galega”. O Coidados Porta a porta, dotado con 9,5M€, está financiado con cargo ós Fondos Europeos, pretende achegar servizos a 306 concellos e atender a 100.000 usuarios, mediante un sistema de 8 autobuses que percorreren a xeografía galega durante 22 meses.

O análise das cifras e da propia información facilitada pola Xunta na súa páxina web, revela que estamos ante unha nova operación propagandística, na que o único que interesa e ter 8 autobuses preelectorais en ruta, de aquí ó ano 2023. O aluguer dos devanditos autobuses, innecesarios para a prestación duns servizos que se poderían dispensar en espazos habilitados polos concellos, supón o 50% do orzamento total do programa. Resulta lamentable que os Fondos Europeos se adiquen a unha actividade como o aluguer de vehículos e a publicidade.

O nome de “Coidados Porta a Porta” non corresponde á realidade. O programa non amplía a prestación de servizos sociais. O único que fai é efectuar unha consulta de carácter diagnóstico, que lle di ós usuarios se teñen algún problema de memoria, de audición ou de tipo podolóxico, pero non lles garante a atención en caso de que sexa así. Cunha estadía total de 10 días en cada concello, en quendas de 3/4 días, cada concello vai recibir unha media de tres visitas destes autobuses. En 22 meses de duración do programa, isto equivale a una visita cada 7 meses, unha cadencia que non pode poñer en práctica ningún tipo de coidado real.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	26/41






O Grupo Socialista da Deputación leva defendendo a calidade e a universalidade dos servizos públicos no rural fronte ós continuos recortes levados a cabo pola Xunta, especialmente en Sanidade e Educación. E non podemos concordar cun programa deseñado con criterios electoralistas, que pensa na propaganda e non nas persoas. O acceso ós servizos públicos ten que ser permanente. A atención sociosanitaria ten que estar garantida dun xeito continuado. O Estado do Benestar debe ser unha realidade cotián nos concellos do rural, non chegar cada 7 meses nunha caravana coma se fose o circo da beneficencia. Por iso presentamos a debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que elabore en colaboración cas administracións locais un mapa de servizos sociosanitarios axeitado ás necesidades da poboación da provincia de Lugo.
- Que garanta o acceso ós devanditos servizos ó conxunto dos e das cidadáns da provincia, con independencia do seu lugar de residencia. De xeito universal, gratuíto e con prazos de atención axeitados.
- Que modifique o programa Coidados Porta a Porta para eliminar o gasto innecesario en vehículos de propaganda e convertelo nun verdadeiro programa de ampliación da atención sociosanitaria no rural.
- Que tome nota da filosofía ca que traballan as residencias da terceira idade da Deputación e converta a atención sociosanitaria nunha fonte de emprego para o rural, apostando pola contratación de equipos sociosanitarios formados por persoas do rural ca capacitación necesaria”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	27/41



Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=7>


8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA UN PLAN DE RECUPERACIÓN INTEGRAL, SINALIZACIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO REAL NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta un plan de recuperación integral, sinalización e promoción do Camiño Real na provincia de Lugo.

Entre o seu rico patrimonio cultural e histórico, a provincia de Lugo conserva as trazas do proceso de modernización das vías públicas acometido en España ó longo do século XVIII. Entre 1761 e 1785, o plan de reforma das principais vías da península aplicouse tamén ó Camiño Real de Galicia, que transcorría entre Madrid e A Coruña. O Real Decreto de 10 de xuño de 1761 quería mellorar o comercio entre provincias facendo camiños “sólidos e rectos”, cun ancho de vía estandarizado en 19,60 metros.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	28/41





No que fai á provincia de Lugo, os traballos de mellora desta vía acometidos polo enxeñeiro francés Carlos Lemaury suporán o descubrimento da Vía Romana XIX. De feito, o trazado do novo Camiño Real vaise superpoñer ó da vella calzada latina. O seu percorrido entra na provincia por Pedrafita, percorre os concellos de Triacastela, As Nogais, Becerreá, Láncara, O Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade e Begonte, e sae cara á provincia da Coruña polo de Guitiriz.


Este exemplo de enxeñería pública da Ilustración ten deixado na nosa provincia vestixios culturais como o leguario de Garabolos, que sinalaba unha distancia dunha legua (5,5 km.) ou o fito miriamétrico de Agüeira, en Becerreá, un dous poucos sinais da época conservados que marcaban unha distancia de 10 km. Así mesmo, o estudo deste Camiño Real ten revelado o uso da mesma ruta, en tempos anteriores, como ligazón entre os trazados xacobeos do Camiño Francés e o Camiño Primitivo. De feito, algúns estudosos consideran que o trazado do Camiño Real puidese ter formado parte dun trazado orixinal do Camiño de Santiago.

A pesares das reclamacións de veciños, asociacións culturais e medioambientais e estudosos de distintos ámbitos, o Camiño Real de Lugo non ten acadado das autoridades da Xunta a protección e a posta en valor que merece a súa importancia histórica. Non foi ata o ano 2017 cando a Xunta deseñou un plan parcial para facer tarefas de sinalética nos concellos de Triacastela, As Nogais, Becerreá, Láncara e O Corgo. Un plan no que apenas investiu daquela 50.000 euros e que quedou logo interrompido, sen estender ó conxunto do trazado.

Dende o Grupo Provincial Socialista, temos un firme compromiso ca conservación e a posta en valor do noso patrimonio cultural. Polo seu valor en si, como legado que debemos protexer, pero tamén pola súa importancia á hora de dinamizar o rural e xerar unha oferta turística de calidade. Por iso presentamos a debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia que aproveite o carácter excepcional do Xacobeo 2021/2022 para:

- Elaborar un plan de recuperación e sinalización do trazado do Camiño Real na Provincia de Lugo.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	29/41



- Que o devandito plan se aplique á totalidade dos concellos polo que pasa o trazado do Camiño Real, e non de xeito parcial como se fixo nos traballos do ano 2017.
- Que a Xunta, tendo en conta as achegas das administracións locais, deseñe un plan de promoción do Camiño Real como atractivo cultural e turístico, ligado á promoción xeral das diferentes rutas do Xacobeo na nosa provincia”.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Pablo Taboada Camoira.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, RELATIVA AO ESTADO E CONSERVACIÓN DAS PRINCIPAIS ROTONDAS DE ACCESO Á CIDADE DE LUGO EN NADELA (N-VI) E NA CAMPIÑA (N-640).

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao estado e conservación das principais rotondas de acceso á cidade de Lugo en Nadela (N-VI) e na Campiña (N-640).

Exposición de Motivos:

Dende o Grupo Provincial do Bng queremos alertar da pasividade do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) ante a situación na que se atopa o pavimento

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	30/41





das rotondas que dan acceso á cidade de Lugo en Nadela (N-VI) e na campiña (N-640), con fochancas que fan intransitable e moi perigosa a circulación de vehículos e que require unha intervención de máxima urxencia.

Recordar que estamos a falar de dous dos principais accesos á cidade, dúas das interxeccións con maior transito de vehículos de Lugo. En Nadela (tramo N-VI, km.494) conflúen a autovía A-6, a N-VI, a LU-546, o CG-2.2 e a LU-11. na Campiña (tramo N-640, km.88) conflúen a autovía A-6, N-640.

O MITMA non pode continuar a facer omisión do seu deber de mantemento en correcto estado de conservación das infraestruturas de comunicación á que nos estamos a referir. Máis se cabe, cando estamos a por en risco ademais de danos materiais, a posibilidade de que se produzan accidentes de gravidade.


É de urxencia que o Goberno do Estado dea resposta á preocupación da veciñanza pola mellora da súa seguridade nos desprazamentos que ten que facer no seu día a día.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a:

1. Proceder con urxencia a sinalizar a perigosidade que implica para a seguridade viaria a situación na que se atopan as rotondas que dan acceso á cidade de Lugo en Nadela (N-VI) e na campiña (N-640).
2. Acometer con carácter urxente as obras de acondicionamento do pavimento das rotondas que dan acceso á cidade de Lugo en Nadela (N-VI) e na campiña (N-640).
3. Planificar un mantemento integral de estradas para evitar no sucesivo chegar a situacións coma a actual que poñen en perigo extremo o tránsito de vehículos”.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	31/41



O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA XESTIÓN POSTERIOR Á EXTINCIÓN DE SUPLUSA.

Logo de ver a moción a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para a creación dunha comisión de seguimento da xestión posterior á extinción de Suplusa.

Exposición de Motivos:

Tras a decisión tomada polo goberno provincial, de extinción da sociedade provincial pública SUPLUSA, o 30 de novembro de 2020 co voto en contra do Grupo provincial do partido Popular, iniciouse unha nova etapa marcada pola falta de transparencia na xestión, pola falta de análise dos resultados económicos da mesma, polos incumprimentos dos acordos incluídos no proceso de liquidación, e mesmo polas resolucións xudiciais que determinan a ilegalidade de decisións administrativas tomadas polo presidente Tomé e a súa Xunta de goberno provincial.

Este desolador panorama creou desazón e malestar en moitos concellos da provincia que tiñan convenios con Suplusa en relación a solo industrial e a outros servizos públicos e litixiosidade por parte dos traballadores da antiga sociedade, sen que a día de hoxe por parte da institución

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	32/41





provincial se estea a clarificar en ningún órgano publico os cutes e sobrecustos das decisións tomadas.

A sentenza xudicial que declarou a ilegalidade do proceso de entrada no accionariado en TRAGSA e do seu posterior encargo de xestión expresamente reflicte que non existe memoria económica algunha que xustifique a racionalidade económica da decisión adoptada. Pese a todo, seguen encargando traballos a Tragsa.


Ademais da gran cantidade de bens patrimoniais que a Deputación herdou de Suplusa, como poden ser a propia sede da sociedade na praza de San Marcos, a Casona de O Incio, o taller de Mallo en Begonte, parcelas en polígonos industriais e outros terreos, así como numerosa maquinaria e ferramenta, o ente provincial tamén recibiu máis de 4,3 millóns de euros de fondos que posuía a extinta empresa pública. Non temos constancia qué administración se fixo de todos estes bens ao longo do último ano e medio e, o que é aínda máis grave, moitos concellos continúan sen ter noticia de que vai ocorrer cos bens ubicados nos distintos municipios. Algúns deses bens están abandonados en espera de que a Deputación os poña en valor.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo:

Creación inmediata dunha comisión de seguimento na que estean representados todos os grupos provinciais, na que se poda analizar de forma transparente a xestión actual da Deputación Provincial de Lugo con respecto aos servizos e procedementos que con anterioridade a súa extinción realizaba a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA)".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular), votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que a Presidenta declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	33/41



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=10>

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á CREACIÓN DO FONDO FINANCIERO EXTRAORDINARIO DE ANTICIPOS REINTEGRABLES, DESTINADO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular anteriormente sinalada, que textualmente di o seguinte:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar á Deputación Provincial de Lugo á creación do fondo financeiro extraordinario de anticipos reintegrables, destinado aos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Exposición de Motivos:

Os concellos lucenses, especialmente os máis pequenos, sofren con frecuencia dificultades para dispoñer dos recursos económicos necesarios para facer fronte a necesidades de liquidez inmediata para atender necesidades dos veciños ou para facer as aportacións que lles corresponden cando optan a participar en programas de financiación de servizos e infraestruturas postos en marcha por outras administracións.

Na Deputación de Lugo, a colaboración neste sentido cos concellos ten un carácter tan discriminatorio que provoca claras situacións de agravio comparativo. Diante das necesidades dos concellos e á vista de como a institución provincial responde discriminatoriamente ás solicitudes dos concellos, o Grupo Provincial do PP, considera preciso que a Deputación de Lugo, na liña na que xa traballan outras (Sevilla, Huelva, etcétera), proceda a constituír un Fondo Financeiro Extraordinario de Anticipos Reintegrables destinado aos concellos de menos de 20.000 habitantes.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	34/41





Este fondo cuxa creación propón o Grupo Provincial do PP regularase mediante unhas bases, que deberán ser negociadas e aprobadas por consenso, que determinarán as condicións da convocatoria das aportacións. Á vista das necesidades dos concellos, non é arriscado supoñer que serán moitos os concellos que presenten solicitudes para optar a recursos deste fondo.


É un feito que o gran papel da Deputación debe ser a cooperación cos concellos. A creación deste fondo constituirá un paso relevante na consecución de ferramentas para materializar tal cooperación. Tamén é un feito que un dos graves problemas da provincia de Lugo é a perda de poboación en amplas áreas do territorio. O fondo que propón o GPPP deberá primar as iniciativas dirixidas a loitar contra a despoboación e a impulsar medidas que axuden a fixar poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo:

1. Acordar a constitución cos recursos propios da Deputación dun Fondo Financeiro Extraordinario de Anticipos Reintegrables (FEAR) destinado aos concellos de menos de 20.000 habitantes.
2. Elaborar, consensuadamente, as bases, con criterios obxectivos, polas que se rexerá a convocatoria da concesión dos anticipos reintegrables aos concellos por medio do Fondo.
3. Nas bases do FEAR deberán primarse as iniciativas que teñan incidencia na loita contra a despoboación e axuden a fixar poboación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 23; votos a favor, 11 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular), votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que a Presidenta declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	35/41



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS A MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, POLOS CONCELLOS DE VILALBA E BALEIRA.

Dáse conta dos acordos da Xunta de Goberno en sesión celebrada o día seis do presente mes de maio, relativos á modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, polos seguintes Concellos:

VILALBA.- Modificación do investimento incluído no Plan único 2022 (Nº 267), solicitada polo Concello, para a execución do investimento URBANIZACIÓN DA RÚA DA PRAVIA, cun orzamento de 935.774,25€, dos que a achega da Deputación non varía, permanecendo en 250.000,00€ con cargo ao PUCC-22.

BALEIRA.- Modificación do investimento incluído no Plan único 2022 (Nº 15), solicitada polo Concello, para a execución do investimento ACONDICIONAMENTO ACCESOS A MILLARES, INCLUÍDO HONORARIOS, cun orzamento de 27.949,03€, dos que a achega da Deputación non varía, permanecendo en 17.680,63€ con cargo ao PUCC-22 e o resto financiación municipal.


O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=12>

13.- INFORME DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2021 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	36/41





**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Dáse conta do informe dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=13>

**14.- INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2022 RELATIVO AO
CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.**

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do primeiro trimestre de 2022 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=14>


**15.- INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE
CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E
SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2022 E PREVISIÓNS A 31
DE DECEMBRO DE 2022.**

Dada conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 31 de marzo de 2022 e previsións a 31 de decembro de 2022. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=15>

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	37/41



16.- INFORME DE CONTROL INTERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DO EXERCICIO 2021.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de control interno da Deputación de Lugo do exercicio 2021.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=16>

17.- INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2022.

Dada conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2022, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=17>

18.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1247 ao 1645. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=18>

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=19>

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	38/41





20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Pola señora Presidenta manifestase que hay dous Rogos e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial LU-P 3202, que di o seguinte:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Unha gran parte das estradas da rede provincial atópanse en moi mal estado, co pavimento cheo de fochancas e déficit de sinalización, o que provoca numerosas molestias aos usuarios, avarías nos seus coches e risco para a seguridade vial. É un problema xeralizado, que o equipo de goberno da Deputación non acaba de resolver. Por iso, cando o organismo provincial acomete a mellora dunha destas estradas, é sen dúbida unha boa noticia, como ocorre coa LU-P 3202, de Monforte de Lemos a Currelos. Pero a deficiente planificación fai que esta estrada non quede nas condicións desexables no acceso a Monforte. Faltan pasos de peóns e os beiravías non reúnen as condicións necesaria para a adecuada garantía de seguridade para peóns e ciclistas. Na entrada de Monforte, no entorno desta vía residen numerosos monfortinos e hai unha residencia de Prodeme. Esta estrada, moi transitada, é o acceso ao mercado gandeiro.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda á completar a reforma da estrada provincial LU-P 3202, de Monforte de Lemos a Currelos, coa mellora das beiravías e a sinalización de pasos de peóns”.

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	39/41



Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada provincial estrada provincial LU-P-0105, que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O Camiño Norte rexistra cada mes un crecente número de peregrinos. Esta ruta xacobeana atravesada a estrada provincial LU-P-0105 á altura do entronque coa autovía A-8. Este punto, nas actuais condicións supón un evidente risco para a seguridade dos peregrinos e demais usuarios do Camiño Norte, xa que non está debidamente sinalizado o paso de peóns. Por este motivo é preciso mellorar a seguridade vial dos peóns no punto referenciado.

Á vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:


Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para sinalizar o paso de peóns no entronque da LU-P-0105 co Camiño Norte, á altura do acceso da autovía A-8”.

PREGUNTA

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa a aos convenios dos centros de atención a maiores, e que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	40/41





Tras a encomenda de xestión á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, aprobada en outubro de 2010, Suplusa e a Deputación asinaron convenios de colaboración con diferentes concellos para a construción de centros de atención a persoas maiores nos que se establecía a cantidade económica que cada un deles debería achegar á institución provincial para a execución do dito convenio.

Asemade, no mes de decembro de 2021, aprobáronse por resolucións da Presidencia as liquidacións da anualidade 2020 relativas aos convenios marco, Interadministrativos de Cooperación entre os concellos de Pol, Trabada, Ribadeo e A Fonsagrada e a Deputación para executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores, e aos Convenios específicos para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores dos ditos concellos, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación. En cada unha das ditas resolucións recóllese o detalle de ingresos e gastos realizados por ambas partes no ano 2020 e especifícase o importe correspondente á obriga municipal que queda pendente de ingreso á Deputación.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Aportaron todos os concellos as achegas que lles corresponden no marco dos ditos convenios relativos aos centros de atención á persoas maiores?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220531&punto=20>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Fecha y Hora	20/06/2022 12:35:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (Vicepresidenta)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7D6DXOKFVPTT4NYB7BKMT6KY	Página	41/41

